



**CONCELLO DE BOQUEIXÓN**  
Forte s/n  
15881 Boqueixón (A Coruña)

Teléfono: **981- 51 30 52**  
Fax: **981- 51 30 00**  
correo@boqueixon.dicoruna.es  
C.I.F.: **P-1501200-H**

## **ACTA DA SESION ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO**

**Lugar:** Casa do Concello

**Día:** 3 de agosto de 2017

**Hora de comezo:** 14.15 h

**Hora de remate:** 14.30 h

### **ASISTENTES:**

Don Manuel Fernández Munín  
Dona M<sup>a</sup> Carmen Botana Cebeiro  
Don Antonio González Barral  
Don Jesús Sanjuás Mera

### **AUSENTES:**

Ninguén

No salón de sesións da casa do concello presidindo o alcalde, don Manuel Fernández Munín, reuníronse os concelleiros que se relacionan anteriormente, asistidos pola secretaria –interventora accidental, dona Adela Lamela Arteaga, co fin de realizar a sesión da Xunta de Goberno, previamente convocada cos requisitos legais.

### **ORDE DO DIA**

- 1. Aprobación da acta anterior**
- 2. Arquivos expedientes de corta/limpeza de leiras**
- 3. Aprobación padrón fiscal subministro de auga e saneamento, segundo trimestre 2017**
- 4. Aprobación altas abastecemento/saneamento**
- 5. Alta no Servizo de Axuda no Fogar por libre concorrencia**
- 6. Modificación do acordo de solicitude de ocupación de vía pública**
- 7. Renovación autorizacións de venta ambulante na feira mercado de Lestedo**
- 8. Solicitude subvención para o cofinanciamento de proxectos de prevención de condutas aditivas**
- 9. Aprobación de facturas**
- 10. Inicio da contratación do proxecto de sinalización do Pico Sacro mediante ferramentas tecnolóxicas**

## 11. Rogos e preguntas

### DELIBERACIÓNS

#### 1. Aprobación da acta anterior

Por unanimidade acórdase aprobar a acta da sesión ordinaria que tivo lugar o día 20 de xullo do 2017.

#### 2. Arquivos expedientes de corta/limpeza de leiras

##### A) Arquivo expediente de limpeza no lugar de A Gándara - Sergude

Con data 3 de abril do 2017 co número de entrada 619/2017, dona M<sup>a</sup> Carmen xxxxx presenta escrito no concello de Boqueixón solicitando a limpeza da parcela número 290, polígono 18, que está preto dunha vivenda e propiedade súa no lugar da Gándara-Sergude. Manifesta que a citada parcela está con abundante maleza e residuos o cal supón un risco de incendio e de insalubridade.

Sinala que é propiedade a parcela de herdeiros de dona M<sup>a</sup> Carmen xxxxx.

Coa finalidade de tramitar este expediente administrativo, comprobouse a través da sede electrónica do catastro, mediante usuario rexistrado a nome do concello de Boqueixón, a titularidade da parcela con abundante maleza, figurando como titular da leira número 290, polígono 18, herdeiros de M<sup>a</sup> Carmen xxxxx.

Na Xunta de Goberno do 6 de abril do 2017 acordouse requirir ós propietarios da parcela número 290, polígono 18, herdeiros de M<sup>a</sup> Carmen xxxxx, para que procedesen en prazo de 15 días naturais a executar os traballos de limpeza de maleza existente.

Déuselle trámite de audiencia.

Na Xunta de Goberno do 6 de xullo do 2017 acordouse o inicio de execución subsidiaria para proceder coa limpeza da parcela citada.

Déuselle trámite de audiencia

*Según informe do técnico municipal do 1 de agosto do 2017: “Feita terceira inspección técnica no lugar de A Gándara - Sergude, compróbase que a parcela número 290, polígono 18, preto dunha vivenda propiedade de dona M<sup>a</sup> Carmen xxxxx, está libre de maleza e de residuos.*

*Non existe risco de incendio e de insalubridade”.*

Polo anteriormente exposto a Xunta de Goberno acorda :

1. Arquivar o expediente aberto neste concello contra herdeiros de dona Carmen xxxxx, propietarios da parcela número 290, polígono 18, por proceder os mesmos cos traballos de limpeza de maleza e retirada de residuos .
2. Comunicar o acordo ós interesados.

##### B) Arquivo expediente de limpeza no lugar de Milleirós - Lestedo

No lugar de Milleirós – Lestedo, manifestouse a existencia dunha parcela con abundante biomasa vexetal e en situación de abandono.

Elo comprobouse, tras numerosas queixas da veciñanza da aldea que sinalaron a existencia de risco de incendio e de insalubridade.

Coa finalidade de tramitar este expediente administrativo, comprobouse a través da sede electrónica do catastro, mediante usuario rexistrado a nome do concello de Boqueixón, a titularidade da parcela con abundante maleza.

A parcela número 235, polígono 506, “xxxxx” situada en Milleirós – Lestedo, figura a nome de herdeiros de don Manuel xxxxx.

Na Xunta de Goberno do 20 de xullo do 2017 acordouse requirir ós propietarios da parcela número 235, polígono 506, herdeiros de don Manuel xxxxx, para que procedesen en prazo de 15 días naturais a executar os traballos de limpeza de maleza existente.

Según informe do técnico municipal do 1 de agosto do 2017: *“Feita inspección técnica no lugar de Milleirós - Lestedo, compróbase que na parcela número 235, polígono 506, “xxxxx”, procedeuse coa limpeza de biomasa vexetal.*

*Non existe risco de incendio nin de insalubridade.”*

Polo anteriormente exposto a Xunta de Goberno acorda:

1. Arquivar o expediente aberto neste concello contra herdeiros de don Manuel xxxxx, propietarios da parcela número 235, polígono 506, por proceder os mesmos cos traballos de limpeza de maleza e retirada de residuos .
2. Comunicar o acordo ós interesados.

#### C) Arquivo expediente de corta de arboredo no lugar de Pumares - Sergude

No lugar de Pumares – Sergude, a parcela, número 20185, polígono 505, “Penas do Quinto”, estaba dedicada a monte e con abundante arboredo (eucaliptos, piñeiros).

Preto da citada parcela existen construcións, que estaban a menos de 30 metros de distancia do citado arboredo.

Coa finalidade de tramitar este expediente administrativo, comprobouse a través da sede electrónica do catastro, mediante usuario rexistrado a nome do concello de Boqueixón, a titularidade da leira con abundante arboredo, figurando como titular da leira número 20185, polígono 505, herdeiros de don Antonio xxxxx.

Na Xunta de Goberno do 22 de xuño do 2017 acordouse requirir ós propietarios da parcela número 20185, polígono 505, “Penas do Quinto” herdeiros de don Antonio xxxxx, para que procedesen en prazo de 15 días naturais a executar os traballos de corta de arboredo. Déuselles trámite de audiencia.

Según informe do técnico municipal do 1 de agosto do 2017: *“Feita inspección técnica no lugar de Pumares - Sergude, compróbase que na leira número 20185, polígono 505, procedeuse coa corta de arboredo (Eucaliptos e algún piñeiro).*

*Cúmprese co disposto no artigo 21 da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais, modificada pola Lei 7/2012, de montes de Galicia, en materia de distancias a vivendas.”*

Polo anteriormente exposto a Xunta de Goberno acorda :

1. Arquivar o expediente aberto neste concello contra herdeiros de don Antonio xxxxx, propietarios da parcela número 20185, polígono 505, por proceder os mesmos cos traballos de corta de arboredo .
2. Comunicar o acordo ós interesados.

### **3.Aprobación padrón fiscal subministro de auga e saneamento, segundo trimestre 2017**

A empresa Espina y Delfín, adxudicataria do servizo de saneamento e o concello de Boqueixón xestor do servizo de abastecemento de auga, fixeron entrega dos padróns para a correspondente aprobación por parte desta entidade, tal e como se transcribe no correspondente prego de cláusula que rexe a contratación do servizo de saneamento e según a ordenanza municipal de abastecemento.

Polo tanto a Xunta de Goberno acorda:

- Aprobar os padróns de abastecemento de auga e saneamento que no segundo trimestre do ano 2017 teñen os seguintes aboados:  
Servizo de abastecemento de auga : 1.048  
Servizo de saneamento: 1.380
- Expoñer ó público para que se poidan realizar as correspondentes alegacións e publicalo no BOP

### **4.Aprobación altas abastecemento/saneamento**

#### Altas en abastecemento

Cumpridas as condicións necesarias para poder autorizar a acometida á rede municipal de abastecemento, segundo o regulamento do servizo municipal de abastecemento de auga, inclúense como beneficiarios do servizo ós usuarios que se relacionan a continuación:

Nome e enderezo fiscal	DNI	Enderezo inmovible	Taxa	Importe conexión/ instalación contador
RAMIRO xxxxx 15881 Boqueixón (A Coruña)	xxxxx	xxxxx – Vilar - Lestedo	54,86 €	24,37 €
HERMESINDO xxxxx 15882 Boqueixón (A Coruña)	xxxxx	xxxxx - Pousada	54,86 €	549,40 €
FRANCISCO xxxxx Barcelona	xxxxx	xxxxx – Lestedo	54,86 €	549,40 €

Polo que a Xunta de Goberno acorda:

**1º-** Dar de alta no servizo de abastecemento ós usuarios que se detallan na relación anterior, establecendo as taxas correspondentes, así como os importes pola conexión á rede, que se rexerán pola Ordenanza fiscal reguladora da taxa de abastecemento.

As altas concedidas son para vivenda.

As ditas taxas polas altas de abastecemento, así como os ingresos polas conexións á rede de abastecemento foron efectuadas polos mesmos interesados, segundo os xustificantes de

ingreso que constan nos expedientes. Os ingresos correspondentes a Ramiro xxxxx foron efectuados con data do 30/06/2017; os correspondentes a Hermesindo xxxxx foron efectuados con data do 19/07/2017 e os correspondentes a Francisco xxxxx con data do 24/07/2017.

2.- Notificar este acordo ós beneficiarios citados anteriormente ó enderezo fiscal indicado:

### **5. Alta no Servizo de Axuda no Fogar por libre concorrencia**

Concesión de alta no Servizo de Axuda no Fogar por libre concorrencia

### **6. Modificación do acordo de solicitude de ocupación de vía pública**

Na Xunta de Goberno do día 20 de xullo acordouse conceder á Comunidade de Propietarios Residencial O Forno, un permiso para ocupación da vía pública para instalar andamios nas beirarrúas por motivo das obras de pintado e reparación de fachadas do edificio.

O espazo que solicitaron para ocupar era de 240 m<sup>2</sup> durante 2 meses. A taxa que debían aboar segundo a ordenanza era de 662,4 euros e o aval que debían achegar era por importe de 28.848,00 euros.

No momento que foi notificado o correspondente acordo de concesión, detectouse que por parte do solicitante fora feita a solicitude de xeito erróneo, tal e como consta no escrito recibido con data 21 de xullo de 2017. O espazo para ocupar era de 36 m<sup>2</sup>, en cambio na solicitude figuraban 240 m<sup>2</sup>, polo que solicitan sexa modificado o acordo orixinal e se conceda o permiso tendo en conta o espazo real a ocupar.

Polo tanto a Xunta de Goberno acorda:

1. Deixar sin efecto o acordo ditado na Xunta de Goberno do día 20 de xullo onde se concedía permiso para ocupación da vía pública á Comunidade de propietarios Residencial O Forno para un espazo de 240 m<sup>2</sup>.

2. Autorizar á Comunidade de Propietarios Residencial O Forno para que instalen andamios nas beirarrúas ocupando un espazo de 36 m<sup>2</sup> durante 2 meses que se contará a partires do día seguinte ó que reciba a notificación deste acordo.

3. Aboar un total de 99,36 euros que lle corresponden por ocupar 36 m<sup>2</sup> durante un período de 2 meses ( 36 x 1.38 x 2: 99.36)

4. Aboar, segundo o especificado na ordenanza, unha fianza de 4.327,2 euros (120.20 x 36: 4.327,2 ) para responder da obriga de deixar o pavimento nas mesmas condicións que se atopaba antes de ser ocupado. No caso contrario o concello reparará os danos con cargo á fianza e devolveralle o sobranse que corresponda e de non ter feito ningún dano, a fianza devolveráselle íntegra.

5. Pagamento da taxa e fianza:

Taxa: 99.36 €

Fianza: 4.327,2 €

Os importes serán ingresados no seguinte núm. de conta da entidade ABANCA: xxxxx.

## 7. Renovación autorizacións de venda ambulante na feira mercado de Lestedo

Con rexistro de entrada neste concello nº 1642/2017 do día 31 de xullo de 2017 déronselle entrada neste concello ás solicitudes de renovación das autorizacións de venda ambulante na Feira- mercado de Lestedo dos seguintes vendedores ambulantes:

POSTO	TITULAR AUTORIZADO
18	Delfina xxxxx
32	Avelina xxxxx
35	Mª Carmen xxxxx
36	Mª Dolores xxxxx
38	Mª Teresa xxxxx
42	Mónica xxxxx
43	Faustina xxxxx
55	Ramón xxxxx
58	José Ramón xxxxx
60	Ana Mª xxxxx

Unha vez revisada a documentación de cada unha destas solicitudes e comprobado que se axustan ós requirimentos da Lei 13/2010, do 17 de decembro, do comercio interior de Galicia, a Xunta de Goberno acorda:

1.-Renovar as autorizacións dos/as vendedores/as ambulantes, que a continuación se nomean para realizar a súa actividade na Feira- mercado de Lestedo:

POSTO	TITULAR AUTORIZADO
18	Delfina xxxxx
32	Avelina xxxxx
35	Mª Carmen xxxxx
36	Mª Dolores xxxxx
38	Mª Teresa xxxxx
42	Mónica xxxxx
43	Faustina xxxxx
55	Ramón xxxxx
58	José Ramón xxxxx
60	Ana Mª xxxxx

2.- Comunicar este acordo ós feirantes arriba citados.

## 8.Solicitud subvención para o cofinanciamento de proxectos de prevención de condutas adictivas

No DOG número 129 do día 7 de xullo de 2017, publícase a Orde do 26 de xuño de 2017 pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións en réxime de concorrencia competitiva para o cofinanciamento de proxectos de prevención de condutas adictivas promovidos por concellos, mancomunidades de concellos ou agrupacións de concellos da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria.

O período subvencionable inclúe desde o 1 de xullo de 2017 ata o 30 de xuño de 2019.

O artigo 8.1 de dita Orde establece que “a contía solicitada será como máximo o 95% do orzamento do proxecto”.

Dado que se cumpren os requisitos fixados no artigo 4 da citada convocatoria, a Xunta de Goberno acorda:

1. Presentar unha solicitude de subvención para o “Proxecto de Prevención de Condutas adictivas” dentro desta convocatoria, cuxo ámbito de actuación serían os concellos de Boqueixón, Teo, Touro e Vedra.
2. Aprobar a memoria explicativa do proxecto para o período comprendido entre o 1 de xullo de 2017 e o 30 de xuño de 2019, cun orzamento total de 80.000 €.
3. Solicitar unha axuda por importe total de 54.400 € que corresponde ao 68% do custo total do proxecto.
4. Aportar unha porcentaxe de cofinanciamento do 32%, equivalente a 25.600 euros, según o orzamento presentado.

## 9.Aprobación de facturas

A Xunta de Goberno acorda aprobar as seguintes relacións de facturas que serán aboadas con cargo ó exercicio orzamentario do ano 2017 por un total de 19.273,84 euros:

Núm.	Proveedor	Partida	Importe
1	Electro Lestedo,SL – Material para escolas deportivas	341.22199	367,06
2	David Fernández Neira – Servizo actividades deportivas mes de maio	341.22609	1.754,50
3	David Fernández Neira – Servizo actividades deportivas mes de xuño	341.22609	1.490,72
4	María del Carmen Vázquez Fernández – Produtos alimentación escola infantil mes de xuño	231.22105	313,01
5	Liquidación de gastos de Juan M. Corral Sánchez – IVT camión motobomba 26658 JFZ	135.213.00	59,23
6	Zorelor, SA – Insecticida avespas	414.22199	180,79
7	GSI,SL – Vestiario para traballadores contratados plan PEL Deputación	153.2.22104	357,23
8	Repsol Butano, SA – Cargas de gas para pavillón e vestiarios campo de fútbol	342.22102	154,65
9	Pirotecnia Penide,SL – Teas para cerimonia do lume sagrado do Pico Sacro os días 18 e 22 de xuño	334.22699	84,70
10	2000 Joscon Construcciones, SL – Limpeza contedores soterrados de Lestedo	162.1.22799	508,20
11	Río Blanco ,SL – Hipoclorito sódico para servizo abastecemento auga	161.22199	538,45
12	Matilde Calvo Suárez – Servizo terapia ocupacional mes de xuño	231.22799	538,65

13	Mª Luisa Irimia Palmeiro – Programa Ler conta moito: Contos de marmeleiro, anís e limón – Achega municipal	3321.22699	72,50
14	Bar París – Comidas servidas no campamento realizado en Cabana de Bergantiños con cargo ós ingresos feitos polos participantes	334.22609	5.581,50
15	Carpimetal Boqueixón, SL – Reixas para a travesía de Ledesma	153.2.21200	707,85
16	Carpimetal Boqueixón, SL – Materiais e man de obra para distintas obras municipais	432.22602 342.21200 153.2.21200	471,90
17	Eduardo Brocos Mareque – Vinilos para servizo de auga e serigrafías para servizo socorrismo Xunta	161.21200 341.22609	96,80
18	Fornecementos Galegos, SL – Mantemento fotocopiadoras mes de agosto	920.21300	420,63
19	Fornecementos Galegos, SL – Mantemento fotocopiadoras mes de xullo	920.21300	420,63
20	Cogami Reciclado de Galicia, SL – Recollida de residuos mes de xuño	162.3.21200	395,21
21	Comercial Sánchez y Torres, SC – Reparacións e subministros para desbrozadoras	171.213.00	663,93
		Importe	15.178,14

A continuación transcríbense as facturas domiciliadas e aboadas con cargo ó ano 2017

Núm.	Proveedor	Partida	Importe
22	Vodafone – Servizo mensared do 15/06/17 ó 14/07/17	920.222.00	14,54
23	Pardo y Naveiro, CB – Compra de finca	920.22799	402,91
24	Telefónica de España, SAU – Servizo teléfono + ADSL Escola Infantil Municipal mes de xuño	920.22200	68,27
25	Telefónica de España, SAU – Servizo teléfono alarma mes de xuño	920.22200	47,43
		Importe	533,15

A continuación reflíctense as facturas emitidas por CHC Energía Udesa e Gres pertencentes a diferentes puntos de alumeado público e que suman un total de 799,29 euros. Impútanse á partida 165.22100 do orzamento do ano 2017.

Nº factura	Cups	Importe	Dirección do Subministro	Data emisión	Data facturación
1CSN170700191451	ES0111000009304046LB0F	83,45	Alum. Púb. Granxola-Codezo	11/07/17	01/05/17 a 01/07/17
1CSN170700191455	ES0111000009304058CT0F	248,56	Lugar Loureiro – Pousada	11/07/17	01/05/17 a 01/07/17
1CSN170700191464	ES0111000009305006SM0F	119,08	Lugar Donas	11/07/17	27/04/17 a 01/07/17
1CSN170700191491	ES0111000009313013HP0F	232,55	Lugar Camporrapado	11/07/17	28/04/17 a 01/07/17
1CSN170700191525	ES0111000009313064CJ0F	115,65	Lugar Devesa	11/07/17	28/04/17 a 01/07/17

**TOTAL 799,29 €**

### **Aprobación de facturas con cargo a subvencions**

Convenio de colaboración RAMSA

Adquisición de varios exemplares de libros

Importe: 3.559,80 euros (divididos en tres pagamentos)

Partida presupostaria: 334.22609

Núm.	Proveedor	Importe
1	Alvarellos Editora, SL – Compra de 66 exemplares Pico Sacro. Ferido polo lóstrego	990,00



2	Técnicas & Gramaxe, SL – Adquisición de 40 libros “Camiños na sombra” gañador do I Concurso “Balbino” de Relatos	680,00
	Total	1.670,00

Melloras coleccións bibliográficas das bibliotecas ou axencias de lectura

Xunta de Galicia

Importe: 2.206,81 euros

Partida: 332.1.226.99

Núm.	Proveedor	Importe
1	Mayso – Adquisición de varios exemplares para a biblioteca municipal	1.093,26

### **10.Inicio da contratación do proxecto de sinalización do Pico Sacro mediante ferramentas tecnolóxicas**

Na Xunta de Goberno do día 16 de febreiro aprobouse a solicitude dunha subvención para a sinalización do Pico Sacro mediante ferramentas tecnolóxicas por un importe total de 20.025,5 euros ( IVE incluído)

O obxectivo desta axuda é crear unha solución tecnolóxica en forma de aplicación para teléfonos móbiles e tabletas para dinamizar o turismo do Pico Sacro e a súa contorna, co que se daría unha maior información ó visitante.

Mediante notificación electrónica, a Axencia de Turismo de Galicia, comunica a concesión da subvención por un importe de 15.019,13 euros que corresponde co 75% do importe total solicitado. O importe restante de 5.006,37 euros será achegado polo concello para o que se está realizando a correspondente modificación presupostaria.

O prazo para xustificar a realización do servizo para o que se concede a axuda é o día 1 de outubro, polo que urxe contratar de inmediato a súa execución.

Segundo o orzamento presentado, o importe sen IVE do servizo é de 16.550,00 euros polo que estaríamos ante un contrato menor segundo a lei de contratos da administración pública.

O art. 111 da mesma lei dí que a tramitación do expediente só esixirá a aprobación do gasto e a incorporación a este da factura correspondente e o art. 23.3 dí que os contratos menores non poderán ter unha duración superior a un ano nin ser obxecto de prórroga.

Para dar cumprimento ás bases de execución do presuposto municipal, vanse a solicitar tres ofertas a tres empresas especializadas no sector e concederáselle un prazo de 8 días hábiles para que presenten as súas propostas.

Á vista destes antecedentes a Xunta de Goberno acorda:

1 Iniciar a contratación do servizo “ Sinalización do Pico Sacro mediante ferramentas tecnolóxicas” por importe de 20.025,5 euros por contrato menor ó ser preciso realizar o servizo o máis axiña posible, polo prazo da xustificación que remata o día 1 de outubro.

2 Solicitar ofertas as seguintes empresas:

Infernos TV  
R/ Carracide, 2 -2ºDta.  
15888 Sigüeiro – Oroso

Danga Danga Audiovisuais  
Rúa do Pombal nº 35 baixo  
Santiago de Compostela

Alvaro Liste Fernández  
R/ A Besada 4, esc. 5, 1ºA  
16680 Milladoiro – Ames

3. Conceder un prazo de 8 días hábiles para que presenten as empresas as súas propostas.

### **11. Rogos e Preguntas**

Non hai.

Sen máis asuntos que tratar, o presidente remata a sesión e eu redacto a acta como secretaria.

A secretaria accidental

Visto e prace  
O alcalde